

Estimadas familias:

Informámosvos que, pola Orde do 28 de outubro de 2021, publicada no DOGA núm. 218 do venres, 12 de novembro de 2021 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, distribuirá máscaras entre o alumnado, matriculado en Ed. Primaria, Ed. Secundaria e Ed. Especial, no curso 2021/22 que cumpra os seguintes requisitos:

a) Non ten que presentar solicitude:

- O alumnado beneficiario de axuda de materia escolar neste curso.

b) Ten que presentar solicitude:

O alumnado que non foi beneficiario da axuda de material escolar neste curso e que cumpra algunha das seguintes condicións:

- Que pertenza a unha familia cunha renda per cápita igual ou inferior a 6000€.
- Alumnado matriculado en Educación Especial.
- Alumnado suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- Alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

Presentación da solicitude:

- Prazo: desde o 15 ao 25 de novembro do 2021.
- Presentarase presencialmente na Secretaría do centro escolar onde estea matriculado o alumno.
- Documentación:
 - ANEXO I
 - ANEXO II
 - Copia do Libro de Familia ou equivalente.

Para a aclaración de determinadas situacións familiares deberanse entregar outros documentos como os especificados no arquivo adxunto da orde ou na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>.

A Dirección